



Foi recibido polo Conselleiro de Medio Rural e polo Director Xeral para o Deporte

## **O NOVO PRESIDENTE, EMPEZA A SÚA ROLDA DE ENTREVISTAS COS RESPONSABLES DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

O Presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón, nada máis tomar posesión do seu cargo procedeu a solicitar audiencias aos responsables dos distintos departamentos da Administración Autonómica.

### **Medio Rural**

Así, o 25 de setembro, o Presidente e o Secretario Xeral eran recibidos polo Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal. No decurso dunha entrevista, na que reinou a cordialidade, os responsables da FGC ademais de interesarse polo tema dos incendios forestais do pasado verán, entregáronlle un dossier, no que entre outras peticións, realizábanlle as seguintes:

- Reforma do Decreto 105/2006 que regula os aproveitamentos en terreos queimados, buscando que o seu obxectivo sexa rexenera-lo terreo e previ-los incendios, e que non semelle un castigo aos cazadores.
- Fomenta-lo uso –por parte de agricultores e gandeiros- de medidas preventivas nos cultivos máis sensíbeis aos ataques do xabaril, a través de pastores eléctricos, etc.
- Favorecer que os agricultores poidan asegura-las súas colleitas contra os danos producidos polas fauna silvestre. Os seguros agrarios poderían ser unha solución.
- Contribuír á dotación dun instrumento financeiro para facer fronte aos danos producidos polos animais salvaxes.
- escoitar ao colectivo de cazadores á hora de establecer a política forestal.
- Establecemento de plans de ordenación de usos do territorio. Sería interesante que os traballos de desbroce que realicen os diversos distritos forestais para a prevención de incendios tiveran en conta as suxerencias das sociedades de caza para que eses labores tamén puidesen cumprir fins de melloras de hábitat para a caza.
- Sería de gran utilidade realizar queimas controladas por parte dos Servizos de Incendios en colaboración coas sociedades de caza.
- Outra acción interesante podería se-la limpeza de camiños rurais, por parte da Consellería en colaboración coas sociedades de caza.
- Elaboración anual dun mapa de zonas queimadas para que os cazadores poidan coñecer puntualmente as zonas nas que se pode cazar.
- Comunicación entre a Consellería de Medio Rural e as sociedades de caza para coordinar actuacións que se realicen no monte.



## **Deporte Galego**

O 11 de outubro, o Presidente acompañado do Secretario Xeral e un dos Vicepresidentes eran recibidos polo máximo responsable do Deporte Galego, Santiago Domínguez Olveira. Na entrevista, onde os responsables federativos tamén fixeron entrega dun extenso dossier sobre o palmarés dos deportistas cinexéticos –brillante, por certo- e dos proxectos de actuación previstos para esta lexislatura, así como das necesidades para levar a cabo estes proxectos, os membros da Federación aproveitaron para informar ao Director do recente título de campión do mundo –por equipos- de Caza San Huberto que uns días antes conseguía o deportista ferrolano, José Sanmartín, quen por certo será recibido en audiencia polo propio Director Xeral durante este mes de outubro.

Entre as necesidades plantexadas pola FGC ao responsable do Deporte Galego, figuran entre outras:

- Uniformes para os compoñentes das seleccións galegas das distintas modalidades deportivas.
- Robots lanzapratos para as probas de tiro.
- Lector de microchip para as probas con participación de cans
- Siluetas en 3D e Dianas para as competicións de arco
- Emisoras para intercomunicar aos xuíces e organización nos diferentes campionatos
- Colaboración económica para traer a Galicia a organización de máis campionatos de España e Internacionais.
- Ordenador portátil e impresora
- Remolque
- Instalacións para a práctica de tiro
- Habilitación das persoas que superaron o curso de adestradores de tiro no 2005
- Curso de formación de Adestradores de Arco
- Formación práctica de xuíces auxiliares
- Curso de iniciación ás competicións de tiro
- Curso de Formación de xuíces e árbitros
- Reciclaxe dos xuíces e árbitros en activo
- Participación de xeito presencial dos responsables do Deporte Galego nas actividades que realiza a FGC como recoñecemento ao deporte cinexético.